



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Inserción e orientación laboral	Código	652606612	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación profesional é un campo de actuación do profesorado de FOL. A ausencia de formación neste campo nas titulacións cursadas polo alumnado que accede ó itinerario de FOL explica a necesidade desta materia. A súa finalidade é proporcionar as competencias necesarias para planificar, desenvolver e avaliar accións de orientación profesional no Ensino Secundario e na Formación Profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e comprender a importancia e necesidade de formación neste campo	AP15		CM7
Caracterizar a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais.	AP17		CM7
Analizar o desenvolvemento teórico da orientación, describir e comprender os seus trazos conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención da orientación profesional e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica.	AP15 AP17 AP19		
Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención.	AP19		
Analizar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.	AP19		CM4
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre.	AP18 AP20		
Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha praxe non discriminatoria	AP15 AP19		CM4
Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.	AP15 AP16		
Deseñar, seleccionar e valorar programas e materiais de orientación profesional	AP20 AP21 AP25		



Identificar as posibilidades de utilización das ferramentas da web 2.0 na OP, incorporalas na programación das materias da especialidade e valorar a súa contribución a alfabetización dixital do alumnado	AP16 AP19 AP20		CM3
Comprender e utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional.			CM1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL	1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL 1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional. 1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade 1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral
Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral	2.1. Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas. 2.2. Inserción laboral, profesional, sociolaboral e transición da escola a vida activa. Factores de inserción laboral. 2.3. Áreas de intervención 2.4. Modelos de intervención 2.5. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias
Tema 3. Xénero e orientación profesional	3.1. Conceptos para comprender e explicar as desigualdades de xénero. 3.2. Xénero, proxecto profesional e inserción laboral. 3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral 3.3. A OP non discriminatoria (tamén non sexista ou para a igualdade de oportunidades) na normativa legal: evolución e situación actual. 3.4. A perspectiva de xénero na OP e no módulo de FOL: conceptualización e pautas para a súa integración. 5.5. Programas e recursos para una OP con enfoque de xénero.
Tema 4. A utilización de internet e da web 2.0 en orientación profesional	4.1. Para acalaramos conceptos 4.2. Ámbitos de utilización  4.2. Ferramentas da web 2.0 4.3. Alfabetización dixital e orientación profesional 4.4. As competencias dixitais do profesorado de FOL
Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral	2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP. 2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo. 2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral 2.4. A orientación profesional nas políticas de formación e emprego da UE.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais		1	0	1
Análise de fontes documentais	A17 A19 A25 C1 C4	5	0	5
Sesión maxistral	A15 A17 A19	6	0	6



Aprendizaxe colaborativa	A16 A18 A20 A21 C3	4	8	12
Presentación oral	C1 C3	1	1	2
Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	0	13	13
Estudo de casos	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C4 C7	7	27	34
Proba mixta	A19	1	3	4
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade que se realiza ao inicio de cada tema. A súa finalidade é que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos e que os utilice na elaboración do cartafol como un recurso para a valoración e reflexión das aprendizaxes adquiridas na materia.
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto (actividade grupal) b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal) c) Análise de documentos que permiten profundizar nalgún dos contidos da materia e que dos que se dará conta no portafolios (actividade individual) d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal)
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e sintetizar os contidos dos temas que integran o programa da materia.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nas de estudo de casos. Vai ser obxecto de planificación, auto-avaliación e co-avaliación.
Presentación oral	Presentación grupal dun dos estudos de caso. A presentación vai ser avaliada polo resto do alumnado a partir dunha rúbrica, elaborada e consensuada polo alumnado a partir de varias propostas proporcionadas pola profesora.
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. No portafolios hai que incluír un mapa conceptual dos contidos da materia.
Estudo de casos	O alumnado ha de escoller dous estudos de casos dunha proposta de catro sobre distintas situacións problemáticas relacionadas coa orientación profesional: elaboración dunha unidade didáctica de orientación, a utilización das tecnoloxías dixitais, a metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos, a integración do enfoque de xénero na orientación profesional e a curación e difusión de recursos dixitais de interese para a docencia no módulo de FOL.
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes teóricas. Combina preguntas curtas nas que o alumnado ha de analizar, relacionar e valorar contidos abordados na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>A titoría vai ser grupal e individual, obrigatoria e a demanda. A súa finalidade é apoiar e supervisar o proceso de aprendizaxe individual e grupal.</p> <p>O estudo de casos, como se indica na planificación, esixe de apoio personalizado, sendo obrigatoria a asistencia a tres titorías. Na primeira, teñen que dar conta da planificación do traballo e da organización do grupo para que cumpra cos principios do traballo colaborativo. A segunda é de seguimento da tarefa e na terceira teñen que presentar un esbozo de cómo van facer a presentación oral do estudo de caso.</p> <p>O alumnado con matrícula a tempo parcial terá unha atención personalizada vinculada a modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.</p>



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A19	Preguntas curtas nas que se valoran as capacidades de análise, reflexión e relación e adquisición de coñecementos do ámbito da saber facer profesional.	20
Estudo de casos	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C4 C7	O alumnado ha de escoller dous estudos de casos dunha proposta de catro sobre distintas situacións problemáticas relacionadas coa orientación profesional: a utilización das tecnoloxías dixitais, a metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos, a integración do enfoque de xénero na orientación profesional e a curación e difusión de recursos dixitais de interese para a docencia no módulo de FOL.	35
Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	Consiste nun informe no que o alumnado describe o proceso de aprendizaxe e as aprendizaxes adquiridas; valora a súa aplicación na realización do TFM, no período do Practicum e na elaboración da memoria do Practicum; establece relacións co resto das aprendizaxes adquiridas nas materias do mestrado; identifica competencias profesionais e valora as súas necesidades de formación vencelladas a materia.	35
Análise de fontes documentais	A17 A19 A25 C1 C4	As tarefas de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de libros de texto (actividade grupal). b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal). c) Análise de documentos para afondar nalgúns contidos da materia (actividade individual). d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal). Algunhas destas tarefas son optativas, podendo obter até un punto a maiores na cualificación global. As tarefas grupais deste apartado deséñvólense ao abeiro da aprendizaxe colaborativa	10

## Observacións avaliación



## ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL

Como máis tardar, na terceira sesión de clase, todo o alumnado ha de pendurar unha foto actual no seu perfil na plataforma de moodle

## ASISTENCIA

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha aula deberá de facer individualmente a actividade correspondente.

No caso de non acadar o 80% de asistencia, a cualificación será non presentado na primeira oportunidade. Na oportunidade de xullo haberá una proba con preguntas de carácter teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización e seguimento de actividades que reforzen as aprendizaxes máis vinculadas ó saber facer.

As persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto, cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguimento necesario para superar a materia. Na segunda oportunidade haberá una proba con preguntas de carácter teórico e práctico.

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. O non cumprimento deste requisito terá consecuencias negativas na cualificación, restando un punto.

## REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA

A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas tres actividades de avaliación: Cartafol individual (4,5 puntos), actividades grupais (3,5) e proba mixta (2 puntos). Para superar a materia é indispensábel obter a metade da cualificación en cada unha das tres actividades. Cando non se realice algunha das tres actividades a cualificación será non presentado.

Ó rematar a materia e na data que se fixe, cada grupo presentará un dossier grupal coas actividades realizadas en grupo e coas fichas de auto-avaliación, co-avaliación e planificación do traballo grupal. Para cualificar as actividades grupais tense en conta auto-avaliación e co-avaliación. O procedemento e criterios para estas modalidades de avaliación serán fixados en colaboración co alumnado.

Na segunda oportunidade deberán de facerse as actividades de avaliación non superadas.

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. O non cumprimento deste requisito terá consecuencias negativas na cualificación, restando un punto.

## FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA

### Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sendeclarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran.

### Plaxio

O plaxio en calqueira das actividades da avaliación será motivo de suspenso

### Falsificación de sinatura

Asinar na folla de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua



Copiar nos exames

O uso indebido de información durante osexames tamén será motivo de suspenso

LECTURAS RECOMENDADAS

Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/0401Prevencion.htm](http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm)

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/](http://www.ugr.es/~plagio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico/>



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	A bibliografía vai ser especificada para tema. En moodel tamén se recompilan aquelas fontes electrónicas de interese para cada un dos temas.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

O profesorado da especialidade de FOL asume funcións no campo da orientación profesional. Algúns dos contidos dos módulos e das áreas da súa competencia docente, xunto coas funcións que a normativa lle atribúe, como membro do departamento de orientación dos IES e dos departamentos de orientación e información dos centros integrados de formación profesional, remarcamos a necesaria especialización do profesorado de FOL no campo da orientación profesional.

Por outra parte, a heteroxeneidade na formación inicial do alumnado que cursa a especialidade de FOL, que, fóra dalgunha excepción, non ten cursado materias relacionadas coa OP, unida á necesidade de formación específica neste campo xustifican a incorporación da materia de Orientación e Inserción Laboral no itinerario de Formación e Orientación Laboral.

Orientación e Inserción Laboral significa na dimensión profesionalizadora. A súa finalidade é contribuir á adquisición das competencias que permiten comprender o alcance da orientación profesional e o exercicio satisfactorio das funcións orientadoras propias da especialidade.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías